

Impulsando un ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social

[En colaboración co Concello de Santiago de Compostela]

DATAS REALIZACIÓN	Do 13 de maio ao 14 de xuño de 2022	DURACIÓN	40 horas
LUGAR CELEBRACIÓN:	Modalidade en liña con sesións virtuais de aprendizaxe http://www.aulaespazocoop.com Sesións Virtuais de Aprendizaxe os días 13 e 30 de maio e 10 de xuño, en horario de 11:00 a 12:30 horas. O horario de titoría será de luns a venres de 11:00 a 12:30hs.		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Impulsar un ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social.
- Achegar ás persoas prescriptoras de emprego e emprendemento, das diferentes entidades e organizacións, as especificidades, características e vantaxes do emprendemento cooperativo e a economía social.
- Dar a coñecer á cooperativa como ferramenta de creación de emprego inclusivo, estable e de calidade, de dinamización do tecido sociocomunitario e de fomento do equilibrio e da sustentabilidade territorial.
- Incorporar a empresa cooperativa en procesos divulgativos, formativos, de acompañamento, de elaboración de normativa e axudas para a creación de novos proxectos

PROGRAMA E CONTIDOS

- Módulo 1.- Análise de necesidades para o desenvolvemento dun ecosistema emprendedor no cooperativismo.
Módulo 2.- Coñecendo as cooperativas: características diferenciadoras
Módulo 3.- Cooperativas e acceso ao financiamento privado e público
Módulo 4.- Proceso de constitución e maduración dun proxecto cooperativo
Módulo 5.- Cando recomendar a cooperativa. Casos prácticos.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Dirixido a: persoas prescriptoras de emprego e emprendemento de distintas organizacións e entidades, públicas e privadas: persoas de servizos de orientación laboral, axentes de desenvolvemento local, xestoras e asesoras de empresas, servizos de emprego e emprendemento, tecido educativo de ensino medio e superior, asociacións empresariais e sindicais, etc)

Programa de actividades para o impulso dun ecosistema emprendedor na economía social. En colaboración co Concello de Santiago de Compostela.